

## Presentación do número

*A educación ambiental nace fortemente vinculada aos sistemas educativos das distintas nacións; os procesos de institucionalización, dinamizados a nivel internacional fundamentalmente pola UNESCO, o fixeron así posible. Programas como o do PNUMA ou M&B son claros exemplos de apostas institucionais por tratar os problemas ambientais dende as aulas, a todos os niveis, como unha materia máis do curriculum ou como un coñecemento teórico-práctico que o “impregna” todo.*

*Mais cada Estado asumiu de forma diferenciada o seu compromiso educativo respecto ás relacións que deben manter as persoas co medio ambiente. Dende Estratexias Nacionais de Educación Ambiental ata Programas Nacionais relacionados coa búsqueda de respostas educativas a problemas ambientais (redución de residuos, aforro enerxético, redución de contaminación, iniciativas de restauración e mellora...) configuran un amplo panorama de actividades e proxectos desenvolto dende os centros educativos, dende o nivel infantil ata o universitario.*

*Pronto nos demos de conta que traballar cos máis novos non era suficiente para abordar a crise ambiental con efectividade; ampliar os destinatarios e os obxectivos non significa abandonar o ámbito escolar e universitario como espazo de reflexión crítica, de acción compartida e de xeración de recursos. A aparición doutros escenarios, imprescindibles, non significa que a acción e a reflexión dentro do sistema educativo de cada País non siga sendo necesario, ben polo contrario, segue a constituír un dos instrumentos máis dinámicos e innovadores, capaces de aportar máis alá da propia escola.*

*Neste número da Revista ambientalMENTE sustentable presentáanse reflexións teóricas, experiencias de investigación e de participación, así como estratexias de acción e recursos para seguir traballando dende o ámbito da educación formal.*

*É necesario potenciar o compromiso e fomentar a corresponsabilidade dende o inicio dos procesos formativos; instrumentos como a Axenda 21 escolar, as saídas de investigación cos escolares, as Campañas divulgativas, os Programas educativos... seguen a ser instrumentos con grande potencialidade, tal e como se pode comprobar nos seguintes artigos.*

Consello de Dirección